Ourense 4 de febreiro de 1966

Sr. Dn. Ricardo Carballo Calero
Sant Jago de Compostela

Meu querido e admirado amigo: Vai cunha aperta un rogo. Sei como a sua bondade cos amigos fáille perdoar o tempo e vagar que lle tollemos cos nosos inquéritos. Tiña mentes de asistire a sua conferencia sobre Valle-Inclán e mais, polas mesmas datas, a do Dr. Rof Carballo do paisaxe galega. Entramas, polos conferenciantes e polos asuntos chamaban moito por min. ¡E non foi posibele o gozo e a ensinanza agardados! Houbo de mercar us bois. ¿Vde maxina a emoción case sagra nunha vella casa aldeán ca chegada e a iniciación votiva de unha nova parexa de bois novinos e pulantes, non ben afeitos ó traballo?. Agardaban as graves vacas, o curro e as cortes de esterco desexoso de agasallar novos ensoares de lameiros, a fonte espello de antigas xugadas mitolóxicas. Pensei nas Xeorxicas e nos antergos. Viñeron da banda portogalesa e o amo da casa ofreceúlles o primeiro mangado de verde trebo, coidando de non esclenar os antigos bois marelos, ondeante cerrizo, arxila con sol de outono, barbadela douctoral e unha infinda tristura no ollar resbado de medeiros, pasteiros e fontes. Gosto de "estare ó tanto" do latexar do espírito da Galiza e coido moi valedeiras as duas conferencias polo que cando teña un intre de folganza lle pido unha coartela con duas ideas de cada unha. Perdóe. Con memorias na casa sempre vello amigo e admirador

R. Otero Pedrayo

112 1182